

A PRINCESA ERRANTE

Kinuyo Tanaka, 1960

1124

ESTREA EN NUMAX: 20.06.2023 | V.O.S.E. | 102 min

Unha moza xaponesa de orixe aristocrática recibe unha proposta de matrimonio por parte do irmán do emperador marioneta de Manchuria, ocupada por forzas militares nipoas. A pesar das súas iniciais reticencias, tras coñecer o seu pretendente accede a casar.



O primeiro filme en cor de Tanaka

Por Kelley Dong

Seis anos despois da estrea de *Peitos eternos* (1955), Daiei Film deulle a Tanaka a oportunidade de dirixir unha *josei* (ou “filme de mulleres) de gran orzamento. O seu primeiro filme en cor e pantalla panorámica, *A princesa errante*, é unha epopea histórica sobre o reto que supón para unha muller ser un individuo e ser a cara da nación ao mesmo tempo. Cun guión escrito por Natto Wada (a muller do cineasta Kon Ichikawa), o filme está protagonizado por Machiko Kyô no papel de Ryuuko, unha versión ficticia da nobre xaponesa Saga Hiro, esposa de Puzhe, o irmán menor do emperador Manchukuo. Nas súas escenas, Tanaka usa o formato panorámico para amosar o gran número de persoas que teñen algo que dicir sobre o asunto. Os matrimonios concertados adoitan aparecer nos filmes de Tanaka como unha traba para a independencia, sobre todo porque adoitan implicar unha coacción máis que forza pura e dura e, polo tanto, apremen tacitamente á muller para que se negue a si mesma. N’*A princesa errante*, a familia de Ryuuko asegúralle que pode rexeitar a oferta. Pero o peso da proposta disuádea de dicir non. Unha vez casada, convértese nunha das representantes de Xapón, pero a pesar da súa maior visibilidade segue sendo unha non-participante con escaso poder político.

O matrimonio resultante é unha obriga diplomática para mellorar as relacións chino-xaponesas, unha relación que progresa como teatro político. Como unha actriz que pasa dunha relación a outra, Ryuuko debe interpretar o seu papel para un público internacional. Cambia a súa forma de vestir de xaponesa a chinesa e alterna entre o xaponés e o mandarín cando entra e sae da casa. (A súa transformación lembra á escandalosa viaxe de Tanaka a Estados Unidos en 1949, na que a actriz-embaixadora marchou cun quimono e regresou cos beizos pintados de vermello, un vestido e tacóns altos). A pintura, antano unha paixón, pasa a ser unha prioridade menor fronte o mantemento diario das aparencias de Ryuuko. Tanaka deixa na ambigüidade se Ryuuko ama a Puzhe ou se simplemente lle ten menos medo que a outros na corte manchuriana. En contraste coas sensuais caricias en *Peitos eternos* e os flirteos n’*A lúa levántase* (1955), Ryuuko e Puzhe case non se tocan. A súa filla Eko aparece esporadicamente, xa de varios meses. O énfase que pon *A princesa errante* no distanciamento de Ryuuko da historia resulta tan conmovedor como desconcertante. O gran sentimentalismo do filme—Tanaka describiu o proxecto como a súa versión de *Guerra e paz*— arrastra o público, afastándoo dunha interrogación sobre o imperialismo xaponés. Pero paradoxalmente, a unión que Tanaka debuxa entre a limitada autonomía de Ryuuko como muller e nai e a súa falta de responsabilidade política xera un perspicaz retrato de como un imperio colonial manipula as imaxes da feminidade para unha causa nacionalista sen promover necesariamente os dereitos da muller.